

# **Xoán Paulo II e Xoán XXIII serán declarados santos; Álvaro del Portillo, beato**

O Papa Francisco asinou esta mañá os decretos que recoñecen un milagre obtido por intercesión do beato Xoán Paulo II e outro atribuído á intercesión do venerable Álvaro del Portillo, primeiro sucesor de san Xosemaría.

05-07-2013

Trátase, respectivamente, dos pasos previos para a canonización de Karol Wojtyła (1920-2005) e para a beatificación de Álvaro del Portillo (1914-1994). Ademais, o Santo Pai asinou tamén o decreto sobre un milagre da Nai Esperanza de Collevaenza (1893-1983).

Así mesmo, aprobou os votos favorables da Congregación das Causas dos Santos para que se proceda á canonización do beato Xoán XXIII, o Papa que convocou o Concilio Vaticano II en 1959. A Santa Sé tamén anunciou a firma doutros decretos, como se pode consultar en [www.vatican.va](http://www.vatican.va) .

### **Mons. Xavier Echevarría: "unha feliz coincidencia"**

Para Mons. Xavier Echevarría, prelado do Opus Dei, estas noticias son *"motivos de fonda alegría, e unha feliz coincidencia"* . *"Xoán Paulo II - dixo o Prelado- gastouse con*

*incansable xenerosidade en servizo da humanidade. Achegounos a Deus co seu rico Maxisterio: de palabra, por escrito, con imaxes e con tantos xestos cargados de significado. Toda a súa vida apoiábase nunha unidade íntima con Xesucristo: bastaba ver como rezaba para comprender a fecundidade do seu ministerio".*

*Xoán Paulo II e Xoán XXIII "foron verdadeiramente pais próximos a todos os fieis, á Igrexa e concretamente, podo afirmar, a esta parte da Igrexa que é a Prelatura do Opus Dei. Penso que, con eles, millóns de persoas sentíronse "fillos predilectos" do Papa".*

*O Prelado do Opus Dei lembrou a Mons. Álvaro do Portillo, como "un gran apoio para san Xosemaría e un fidelísimo colaborador de Xoán Paulo II". E engadiu : "acudo agora á intercesión deste servo bo e fiel, e píddolle que nos "contaxie" a súa*

*lealdade a Deus, á Igrexa, ao Papa, a san Xosemaría, aos amigos; que nos consiga a súa sensibilidade social, que se manifestou no impulso de numerosas iniciativas en todo o mundo a favor dos máis necesitados; que nos obteña a súa predilección pola familia e o seu apaixonado amor ao sacerdocio, así como a súa piedade tenra e sinxela, que tiña un marcado acento mariano".*

## **O milagre atribuído a don Álvaro (vídeo)**

O milagre aprobado pola Santa Sé refírese á curación instantánea do neno chileno Xosé Ignacio Ureta Wilson: aos poucos días de nacer, sufriu un paro cardíaco de máis de media hora e unha hemorraxia masiva.

Os seus pais rezaron con gran fe a través da intercesión de Mons. Álvaro do Portillo e, cando os médicos pensaban que o bebé estaba

morto, sen ningún tratamento adicional e de modo totalmente inesperado, o corazón do recentemente nado comezou a latexar de novo, ata alcanzar o ritmo de 130 pulsaciones por minuto. A pesar da gravidade do cadro clínico, dez anos despois, Xosé Ignacio desenvolve a súa vida con normalidade. A curación milagrosa tivo lugar en agosto de 2003.

### **Declaracións completas de Mons. Xavier Echevarría** **Biografía de Mons. del Portillo**

Mons. Flavio Capucci, postulador da causa, relata que recibiu unhas 12.000 relacións asinadas de favores obtidos por intercesión de don Álvaro: *"chegaron relatos de grazas de todo tipo: materiais e espirituais. Certamente -explica- os máis rechamantes son as curacións extraordinarias, que son variadas: desde desaparición de melanomas con*

*metástasis tras rezar a don Álvaro, ata a recuperación sen secuelas dun neno afogado nunha piscina".*

O postulador engade que moitos deses favores refírense á vida familiar: *"matrimonios que recobran a harmonía conxugal; nacemento de fillos, ás veces despois de moitos anos de espera antes de acudir á súa intercesión; reconciliacións entre parentes enoxados; partos de nenos sans despois do diagnóstico de que o bebé nacería enfermo"* Don Álvaro era unha persoa familiar e realizou unha masiva catequese sobre a familia; *quizá por iso xorde espontáneo o desexo de acudir á súa intercesión para cuestións deste tipo".*

Mons. Capucci explicou que, unha vez aprobado o milagre, corresponde á Santa Sé determinar a data da beatificación. Probablemente a cerimonia terá lugar en Roma, por

ser a cidade onde faleceu o venerable  
Álvaro do Portillo.

---

pdf | document generated  
automatically from [https://opusdei.org/  
gl-es/article/xoan-paulo-ii-e-xoan-xxiii-  
seran-declarados-santos-alvaro-del-  
portillo-beato/](https://opusdei.org/gl-es/article/xoan-paulo-ii-e-xoan-xxiii-seran-declarados-santos-alvaro-del-portillo-beato/) (27-03-2025)